

Fisterra fortificada pola mar

Antonio Pombar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POMBAR, ANTONIO (2011 [1982]). “Fisterra fortificada pola mar”. En *Nordés. “Olladas na poesía”*: 7 (II Data), 44. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1021>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POMBAR, ANTONIO (1982). “Fisterra fortificada pola mar”. En *Nordés. “Olladas na poesía”*: 7 (II Data), 44.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

FISTERRA FORTIFICADA POLA MAR

A rebeldía da mocidade, o léxico abondoso coma un bosque barroco pra expresala, un Testamento final («Coro en Fisterra, profecía da voz sobre do mar e a irmandade»), son as liñas esenciais do derradeiro libro (1) de Xavier Rodríguez Barrio, poeta de fondas marexadas e ondas que estalan nas rochas escuras da vida enchéndoas, un intre, de auga pura e ceibe.

A Fisterra, ademáis de símbolo de forte galeguidade, pode sere, pra un poeta, moitas cousas máis: soedade e sumisión a un vivir encadeado —o herdo que hai que refugar— e, tamén, promesa de libertade, determinación de asumir a irmandade soñada. Son as dúas verbas-clave do libro: Fisterra e irmandade. Arredor da primeira, invocada unha e outra vez. brua a mar inmensa descoñecida e xamáis posuida e, frente a ela, coma un pequeniño mundo inmenso, a aventura espritoal do escritor «aberto a un mundo desgraciadamente herdado».

¿Qué nos dí ista poesía densa, cosmogónica, alucinada? Primeiro, que Fisterra é «infindo grao de mazorca que roín nos anos negros dun herdo sin saída». E, despóis dista confesión encadeante a un pasado sin historia, a ruptura: «a buscar nos seus ollos o espello máis meu». Quere desfacerse dise herdo, estragalo, arrumbalo no faiado da vida. Pra elo, il ten a ferramenta idónea: a súa antifona de luz na verba ispida. Sin dúbida, o amor axudariálle a cambear e medrar; mas, il non ten amor, il é da caste dos que se ofrecen «nun mar que non é amar», il é do linaxe dos novos señores. Nista ofrenda pura, xenerosa, agroma xa a Irmandade cos homes do seu tempo:

«decir a todos que teño os meus ollos pra todos».

Xente acompañada. «Azrael, o de sempre a istas horas na mesma circunstancia».

Achamos, pois, a bipolaridade diste libro complexo: A Fisterra encadeante, o herdo histórico, e a Irmandade liberadoira, promesa dunha nova vida. Toda a tensión dramática da poesía de Rodríguez Barrio está nas dúas caras da mesma moeda que il tenciona xogar, a perder ou gañar. E, pra isto, sabe darlle á poesía unha intensidade propagadora, unha forza imprevista que sobrecolle pola súa pureza elemental e complexa, coma a onda que rompe en escuma nos cóns da Fisterra.

Vigo, febreiro, 1982

(1) X. R. B.: «Herdo e alucinación en Fisterra», Akal, 1981.